

# Olalla Cociña cifra no seu 'Libro de Alicia' a voz humana da aldea

**LETRAS ▶** O volume, que será presentado hoxe en Santiago, reinventa a perda do pasado rural galego como espazo interior e cosmos emocional ▶ Sobre un pretexto biográfico, a poeta ergue esta obra reveladora: unha viaxe polo amor, as sombras, a memoria e a orixe

FRAN P. LORENZO • SANTIAGO

Olalla Cociña Lozano (Viveiro, 1979), poeta e xornalista, gañou o VIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño con *Libro de Alicia* (Espiral Maior, 2008), un volume que a autora presentará hoxe, ás 19,30 horas, na Fundación Grannell de Santiago, acompañada polo editor e poeta Miguel Anxo Fernán Vello e pola tamén escritora Anxos Sumai.

*Libro de Alicia* é un poemario no que o pouso biográfico arrastra a quen o le nunha conmovedora viaxe sen volta polo amor, o enigma da sombra, a memoria e a orixe. Faino sen saudades tóxicas, en fermoso equilibrio, e artellando unha singular polifonía de voces que transitan do real ao fantástico, grazas á encarnación da aldea que habita en Alicia.

- Hai un elo que une os versos do *Libro de Alicia*, que é a muller que lle dá título. ¿Quen é ela e que foi o que che fixo situala no centro deste poemario?

- Alicia foi a miña bisavoa. Morreu hai uns cinco anos, aos 95. Ao desaparecer da miña vida sentín un baleiro, unha especie de angustia cósmica que supoñe intentei encher escribindo, sen moita intención de facer un libro sobre ela. Pero pouco a pouco os poemas foron tomando forma e deime conta de que acabara por re-escribir a súa historia, o que eu digo que é unha historia inventada ou fabulada. Porque é enganoso pensar que todo o que se conta no *Libro de Alicia* é biográfico ou parte dunha auténtica experiencia vital. Non, hai de todo. Ás veces o máis fantástico achégase á realidade, e viceversa. Gústame xogar ao despiste, e a escrita poética permite esta liberdade.



ANTONIO HERNÁNDEZ

A poeta e xornalista Olalla Cociña, autora do 'Libro de Alicia', retratada baixo os arcos da Rúa Nova

- Ti, como autora, fas parte do libro pero tamén como suxeito observador, como protagonista. ¿De que maneira cres que inflúe no texto esa dualidade?

- Hai varios suxeitos no libro. É como un xogo de espellos, con todo o seu sentido lúdico e tamén manipulador. Está Alicia, a protagonista, a quen se narra en primeira, segunda e terceira persoa, e todas é ela mesma desde diferentes perspectivas. Ela fala sobre si mesma, alguén –suponse que eu, a autora– diríxese a ela ou fabula, conta, a súa historia. E

logo hai unha terceira persoa do plural, as nenas, que son as bisnetas.

- No *Libro de Alicia* conflúen voces e tempos diferentes pero todos concorren no mesmo espazo: a aldea. Que significa a aldea para ti e para os poboadores do *Libro de Alicia*? É posíbel falar da aldea, como se fai aquí, sen caer na idealización nin na nostalgia do lugar perdido?

- A aldea foi unha vivencia que, obviamente, forma parte de min, da miña forma de ser e de pensar. Eu, da man de Alicia, compartín e intuín a desapa-

rición dun mundo, dun ritmo, duns costumes, dunha lingua, dunha linguaxe que pouco tñen que ver con estouta vida da cidade. Entrar e saír dunha coordenada espazo-temporal a outras tan diferentes é violento. Procurei reflectilo así, desde un rural vivido e sentido, no costumista. Pero tampouco me preocupei demasiado polo sentimentalismo, ou da nostalxia que se deixaba traslucir ou non. Supoñe que nestes poemas haberá nostalxia para algúns lectores. Non pasa nada.

- Empregas para te referir a Alicia a imaxe dunha matriusca, que contén nela vidas que, á súa vez, conteñen outras vidas... O *Libro de Alicia*, de feito, é un libro de mulleres independentes, fortes, que lograron comandar a súa existencia e refugaron as imposicións. Sen submisión nin melancolía. ¿Cres que na Alicia de tempo atrás se espella o retrato colectivo da tua xeración?

- Alicia significa a aldea, que é tamén, á vez, unha felicidade telúrica, plena, e o enigma da sombra. Mentres escribía preguntábame que cousas pasaran nesa aldea cando eu nin sequera era imaxinada. Unha muller queda preñada de solteira e traballa durante toda a súa vida "coma un home", esa era a expresión que eu escoitaba sempre de nena. Logo queda xorda pero asume con plenitude a vida que lle tocou, pois por sorte posuía a dose precisa de inconsciencia para saber que esta era a única que tiña. E vive máis ou menos feliz. É certo que falo dunha muller afouta, pero tamén o foi porque non lle quedou outro remedio. Non quero pensar en Alicia como unha vítima nin como unha heroína, aínda que o sexa para min, de xeito moi persoal, e aquí aparece a circunstancia poética. En canto á miña xeración... aínda lle queda moito. Pensa nunha muller preñada solteira agora. Non che cambiou moito a cousa, a percepción social...

- Ao falar da Alicia, xa vella, logo de atravesar todo o seu percurso vital, vemos nela unha nena, que regresa ao punto de partida. Como se a fin e o comezo formaran parte dunha mesma realidade, un bucle vital... ¿Cres que o regreso á orixe -no sentido vivencial, anímico, espacial, da memoria- é un dos asuntos principais do libro?

- Si, claramente. A sabedoría que outorga a vellez enlaza directamente coa inocencia de quen abre os ollos ante a vida toda por estrear. Unha pícara da man dunha anciá é un amor absoluto, único.



## A CLAVE

### A terceira das súas achegas poéticas

► *Libro de Alicia* é a terceira achega poética de Olalla Cociña, que en 2005 publicou *As cervicais da memoria* (Edicións Fervenza) e en 2006 *Aquí (Intemperies)*, volume incluído na colección Poeta en Compostela, editada polo Grupo Correo Gallego ■